

MARÍA PAZ VIDAL, SECRETARIA DO TRIBUNAL AVALIADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÑONS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO "XESTIÓN DE BIOMASA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA"

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal reunido ás 10:30 horas do día 13 de maio de 2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na *Acta número 1 deste proceso selectivo*.

(...)

Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:**

APELIDOS E NOME	EXPERIENC. (MAX 0,75 PTOS.)	FORMAC. (MAX 0,50 PTOS.)	COLECT. (MAX 1 PTOS.)	DESEMPR. (MAX 1 PTOS.)	CARGAS FAMILIARES (MAX 0,75 PTOS.)	TOTAL (MÁX. 4 PTOS.)
LUSTRES LOPEZ UXER	0,75	0	0	0,50	0	1,25
MINIÑO SANTOS JAVIER	0	0	0	0	0	0
ORDOÑEZ DIAZ GONZALO	0	0,30	1	0	0	1,30
OTERO SOBRIDO FERNANDO	0	0,25	0,50	0	0	0,75
RAMA GONZALEZ RICARDO	0,75	0,50	0,50	0	0	1,75
SAMPEDRO ARGIBAY DAVID	0,75	0,50	0,50	0	0	1,75
VEGA HERRERA KELLYN JUDITH	0,75	0	0	0	0,75	1,50

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.gal) a puntuación da fase de concurso de méritos de cada un/unha dos/as aspirantes admitidos neste proceso de selección.

Terceiro.- De conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección. Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de un (1) día hábil, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.paz@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.



Cuarto.- Convocar ós/ás aspirantes admitidos/as para que **o martes, día 21 de maio de 2024, ás 09:30 horas, se presenten no Centro de Interpretación do Parque Periurbano de San Roque, co obxecto de iniciar a fase de oposición do proceso selectivo coa realización do primeiro exercicio da oposición (PROBA PRÁCTICA).**

Rematado este exercicio, **procederase á realización do segundo exercicio (PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA), no Centro Cultural Lustres Rivas, Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º andar, estando exentos/as da realización desta proba aqueles/as aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente.**

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

Quinto.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, sito na Praza do Concello, nº 1.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. A secretaria do tribunal avaliador, María Paz Vidal.



FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE ::
MARIA PAZ VIDAL-AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL - 13/05/2024		2024PSEL000013
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/05/2024 12:21:54		Fecha: 23/04/2024
		Hora: 00:00
		Und. reg: REGISTRO GENERAL

